



MUSEO PROVINCIAL DE LUGO

NORMAS PARA A ADMISIÓN DE ORIXINAIS PARA O BOLETÍN DO MUSEO PROVINCIAL DE LUGO N.º XV

1.ª) Os artigos que se lle presenten ao *Boletín do Museo Provincial de Lugo*, de periodicidade anual, versarán sobre:

- ciencias sociais e humanidades, con especial referencia á provincia de Lugo e contidos do Museo Provincial de Lugo.

2.ª) Os traballos, en galego, terán unha extensión máxima de 30 páxinas en DIN-A4 e presentaranse en papel e soporte informático de Word, con tipo de letra Times New Roman de tamaño 12 e interliñado de 1,5.

3.ª) Ademais do texto, admitiranse un máximo de 15 fotografías dixitalizadas a tamaño 10 x 15 cm en formato TIF ou JPEG a 300 ppp de resolución; deberán vir numeradas e co seu correspondente pé de foto.

Igual tratamento se lles aplicará a cadros, mapas, gráficos, figuras, etc. que acompañen o artigo.

4.ª) As referencias bibliográficas realizaranse de acordo co seguinte estilo:

Monografías: autor (APELIDOS, nome). ***Título da monografía***. Edición. Lugar: editorial, ano.

Artigos de revistas: autor (APELIDOS, nome). "Título", en ***Boletín do Museo Provincial de Lugo***, tomo XI, ano, (páxinas do artigo).

Partes de monografías: autor (APELIDOS, nome). "Título da parte", en ***título da monografía***. Lugar: editorial, ano. Páx.

5.ª) As notas no pé de páxina irán, como o seu nome indica, no pé de páxina e non ao final do artigo.

Pola súa parte, a bibliografía figurará ao final do artigo, ordenada alfabeticamente segundo o primeiro apelido dos autores. Se un/unha autor/a conta con máis dunha obra, a ordenación será pola data de publicación, comezando pola máis antiga.

6.ª) Os traballos teñen que ser inéditos e serán avaliados polos comités do Boletín do Museo Provincial de Lugo.

7.ª) Co artigo acompañarase un breve resumo (cun máximo de cinco liñas) en galego, castelán e inglés (e opcionalmente palabras chave) do tema desenvolvido; así como un currículo asinado do/a autor/a ou autores/as, indicando nel o enderezo permanente, teléfonos de contacto e correo electrónico.

8.ª) Cada autor/a poderá presentar un máximo de dous traballos.

9.ª) Na corrección de probas de imprenta, realizada polos autores/as, non se admitirán variacións significativas nin adicións ao texto. A corrección farase nun prazo máximo de 5 días.

10.ª) O Museo Provincial de Lugo reserva o dereito de admisión e a selección dos traballos presentados, así como a reedición dos artigos ou a súa divulgación por outros medios e a realización das separatas que considere oportunas.

11.ª) Os orixinais non publicados seranlles devoltos aos seus autores/as.

12.ª) O Museo Provincial de Lugo, a través do Comité de Redacción, reserva o dereito de adaptación ou modificación dos presentes requisitos, se así o considera necesario, en relación coa calidade dos traballos presentados.

13.ª) Os/as autores/as recibirán gratuitamente cinco exemplares.

14.ª) A publicación dos traballos implica necesariamente a desistencia de todos os dereitos inherentes dos autores/as a favor do Museo Provincial de Lugo, dependente da Área de Cultura da Deputación de Lugo.

15.ª) A presentación de orixinais supón a aceptación das presentes normas, as resolucións que o Comité de Redacción considere oportunas e a renuncia a calquera tipo de reclamación.

16.ª) Os artigos poderán enviarse por correo certificado ou ser entregados, antes do 30 de marzo do 2012, no Museo Provincial de Lugo, e neles farase constar:

Boletín do Museo Provincial de Lugo
(Departamento de Difusión)
Museo Provincial de Lugo
Praza da Soidade, s/n
LUGO

